

VIERNES, 17 de diciembre de 2010

INMA LÓPEZ SILVA | LUCES

"A vida era diferente na aldea"

D. M. | 17 DIC 2010

Na aldea dos avós de Inma López Silva (Santiago, 1978) a todos os cativos lles chamaban Balbino cando non lles sabían o nome. A autora de Memoria de cidades sen luz (Galaxia, 2007) leu con sete ou oito anos a obra máis célebre de Xosé Neira Vilas, tirada da biblioteca familiar. Non houbo unha segunda lectura, pero aínda así a novelista ten recordos dunha obra "marabillosa". Na familia tamén o leron e tamén sentiron a proximidade. "Meu pai dábase conta de que ese libro contaba a vida de moita xente.

A infancia rural de Balbino foi toda unha descuberta para a nena da cidade. "Fíxome comprender que a vida nunha aldea era diferente, que a xente marchaba", reflexiona. Malia o medio século de lecturas que acumula Memorias dun neno labrego, o relato sobre a Galicia labrega, desagrada polo éxodo rural e o sometemento aos señoritos, non perdeu actualidade porque "contén reflexións universais sobre a descuberta do mundo".